

ACTA NÚM. 2/2018,

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 18 DE ABRIL DE 2018.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de abril de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XESÚS PENA ESPIÑA (concelleiro non adscrito).

Non asiste: XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello PATRICIA COENCE ANTELO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 21.02.2018.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 15.02.2018 AO 12.04.2018.

3º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE A PARTICIPACIÓN NO POS + 2018.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ELECCIÓN DOS CARGOS DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA, PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE "COMPOSTELA RUPESTRE".

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017.

7º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2018-2021.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

#### 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 21.02.2018.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 21.02.2018.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda a súa aprobación.

#### 2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 15.02.2018 AO 12.04.2018.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
15/02/2018	00082/2018	INICIO EXPEDIENTE DE BAIXA DE 12 PERSOAS NO PADRON DE HABITANTES.
15/02/2018	00083/2018	DECRETO DE LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS XGL 14/02/2018.
15/02/2018	00084/2018	DECLARACIÓNS MODELO 101 E 303 - XANEIRO 2018.
15/02/2018	00085/2018	DEVOLUCIÓN AVAL A UN VECIÑO.
15/02/2018	00086/2018	APROBACIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN MELLORA INFRAESTRUTURAS TURISTICAS E CONVENIO CON ROIS
16/02/2018	00087/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA PARA APROL RURAL 2018
16/02/2018	00088/2018	SOLICITUDE SUBVENCIÓN MELLORAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS.
16/02/2018	00089/2018	SOLICITUDE SUBVENCIÓN EQUIPAMENTO E MELLORA INSTALACIÓNS CULTURAIS.
16/02/2018	00090/2018	ANULACIÓN DO DECRETO NÚM. 86 POR ERRO COMETIDO NA REDACCIÓN DO TEXTO. EXPEDIENTE 2018/G003/000079.
16/02/2018	00091/2018	DECRETO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 01/2018.
20/02/2018	00092/2018	APROBACIÓN 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR.
20/02/2018	00093/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE

		MANTEMENTO DOS ASCENSORES DO CEIP, CENTRO SOCIAL E CASA DO CONCELLO.
20/02/2018	00094/2018	DECRETO PADRÓN PREZOS PÚBLICOS ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN E INSERCIÓN SEGUNDO TRIMESTRE CURSO 2017/2018.
20/02/2018	00095/2018	DECRETO PADRÓN PREZOS PÚBLICOS ESCOLA DE MÚSICA SEGUNDO TRIMESTRE CURSO 2017/2018
22/02/2018	00096/2018	DECRETO DE PAGO DE IRPF ANUAL 2016 (LIQUIDACIÓN DA DEPENDENCIA REXIONAL DE XESTIÓN TRIBUTARIA DE OURENSE).
22/02/2018	00097/2018	DECRETO DE COMPENSACIÓN A URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L.
22/02/2018	00098/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DE PAGAMENTO A URBAN PORTFOLIO S.L.
23/02/2018	00099/2018	DECRETO DE INSERCIÓN DE ANUNCIO NO DOGA.
23/02/2018	00100/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/4.
26/02/2018	00101/2018	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLO SUBMINISTRO DE AUGA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN, E CANON DA AUGA DO 4º TRIMESTRE DE 2017.
26/02/2018	00102/2018	APROBACIÓN PLAN COMPLEMENTARIO DO PLAN DE MEDIO AMBIENTE DA DEPUTACIÓN 2016.
26/02/2018	00103/2018	APROBACIÓN DA 1ª E ÚNICA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO XURÍDICO URBANÍSTICO DO CONCELLO POLO PRAZO DE DOUS ANOS.
26/02/2018	00104/2018	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
26/02/2018	00105/2018	ALTA SAF MUNICIPAL DUNHA VECIÑA.
27/02/2018	00106/2018	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIAXE CULTURAL PARA PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE BRIÓN CON DESTINO A ROMA.
27/02/2018	00107/2018	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A DOUS EMPREGADOS.
28/02/2018	00108/2018	ORDENACIÓN DE PAGOS RC01/2018.
28/02/2018	00109/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DO PAS ADICIONAL 1/2015: REPARACIÓN E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO PAVILLÓN DE PIRAGÜISMO NO LUGAR DE PONTE DE BICO EN SANTA MARÍA DE ONS.
28/02/2018	00110/2018	ALTAS PADRÓN MES DE FEBREIRO 2018.
28/02/2018	00111/2018	BAIXAS PADRÓN MES DE FEBREIRO 2018.
28/02/2018	00112/2018	DECRETO NÓMINAS MES DE FEBREIRO.
28/02/2018	00113/2018	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - FEBREIRO 2018.
28/02/2018	00114/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 01/03/2018.
28/02/2018	00115/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIAXE CULTURAL PARA PERSOAS MAIORES A ROMA.
05/03/2018	00116/2018	ORDENANDO REMISIÓN AO XULGADO DE INFORME TÉCNICO EN PO 0000272/2017.
05/03/2018	00117/2018	APROBANDO PERSOACIÓN NO PO 0000272/2017.
05/03/2018	00118/2018	DECRETO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA A ESCOLA DE MÚSICA.
05/03/2018	00119/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA ESCOLA DE MÚSICA.
07/03/2018	00120/2018	BAIXA NO LIXO DUN VECIÑO.
07/03/2018	00121/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN PREZO PÚBLICO AXUDA A DOMICILIO BÁSICA FEBREIRO.

07/03/2018	00122/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN PREZO PÚBLICO AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA FEBREIRO.
07/03/2018	00123/2018	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTAS DE TRÁFICO.
07/03/2018	00124/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MARZO.
07/03/2018	00125/2018	DECRETO LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS XGL 01/03/2018.
08/03/2018	00126/2018	CONTRATACIÓN DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A OBRA DO PAS ADICIONAL 1/2015.
08/03/2018	00127/2018	EXECUCIÓN SENTENZA E APERTURA DE NOVO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.
08/03/2018	00128/2018	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
08/03/2018	00129/2018	COTA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA - XANEIRO, FEBREIRO, MARZO 2018.
08/03/2018	00130/2018	COTA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA - LIQ. EXTR 1/2016 COTA LB/04/16.
08/03/2018	00131/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA TRIBUTOS XGL 01/03/2018.
08/03/2018	00132/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXA INSERCIÓN ANUNCIO NO DOGA.
08/03/2018	00133/2018	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS.
08/03/2018	00134/2018	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, POR VACANTE, POR COMISIÓN DE SERVIZOS DO TITULAR.
12/03/2018	00135/2018	DECLARANDO CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E INCOACIÓ DE NOVO EXPEDIENTE EN GRONZO.
13/03/2018	00136/2018	RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN VILAR.
13/03/2018	00137/2018	DECRETO DE AUTORIZACIÓN DE FESTA POPULAR NA IGREXA, BASTAVALES.
13/03/2018	00138/2018	EXECUCIÓN FORZOSA DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA MEDIANTE IMPOSICIÓN DE MULTA COERCITIVA.
13/03/2018	00139/2018	RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN CIRRO.
13/03/2018	00140/2018	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTAS DE TRÁFICO.
13/03/2018	00141/2018	RESOLUCIÓN DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA NA GRAÑA.
13/03/2018	00142/2018	RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN VIDALOISO.
14/03/2018	00143/2018	DECLARACIÓNS MODELO 111 E 303 - FEBREIRO 2018.
14/03/2018	00144/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 15/03/2018.
15/03/2018	00145/2018	DECRETO APROBACIÓN DEFINITIVA NÓMINA FEBREIRO 2018.
16/03/2018	00146/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 15/03/2018.
16/03/2018	00147/2018	APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2018 - 2021.
20/03/2018	00148/2018	ELEVANDO A DEFINITIVO O ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO DE 2018.
20/03/2018	00149/2018	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
20/03/2018	00150/2018	DECRETO DE DELEGACIÓN NUNHA CONCELEIRA.
20/03/2018	00151/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/6.
20/03/2018	00152/2018	RELACIÓN FACTURAS ENERXIA ELÉCTRICA F/2018/5.
21/03/2018	00153/2018	DEVOLUCIÓN INGRESOS A UNHA VECIÑA.

21/03/2018	00154/2018	DEVOLUCIÓN INGRESOS A UNHA VECIÑA.
21/03/2018	00155/2018	APROBACIÓN DE DOUS PROXECTOS CORRIXIDOS DO POS + 2018.
22/03/2018	00156/2018	DISTRIBUCIÓN BANCO ALIMENTOS MARZO.
22/03/2018	00157/2018	AXUDA EMERXENCIA MUNICIPAL A UN VECIÑO.
22/03/2018	00158/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE BRAS NÚM. ÚNICA DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: ALDEA DE NINÁNS, INCLUÍDA NO POS+ 2017.
22/03/2018	00159/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. ÚNICA DA OBRA DE PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE PISTAS: ALDEA DE BEMIL, INCLUÍDA NO POS+2017.
23/03/2018	00160/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DE ANTICIPO A UN EMPREGADO.
27/03/2018	00161/2018	PADRÓN PREZO PÚBLICO CURSO LINGUA GALEGA CELGA 4 MARZO.
27/03/2018	00162/2018	DECRETO PREMIOS DESFILE DE ENTROIDO 2018.
27/03/2018	00163/2018	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
27/03/2018	00164/2018	DECRETO NÓMINAS MES DE MARZO.
27/03/2018	00165/2018	DECRETO PADRÓN PREZOS PÚBLICOS SERVIZOS CULTURAI, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO 2º PRAZO CURSO 2017/2018.
28/03/2018	00166/2018	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - MARZO 2018.
02/04/2018	00167/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ESPAZO COWORKING PARA O PRIMEIRO SECTOR.
02/04/2018	00168/2018	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DUN CONTRIBUINTE.
02/04/2018	00169/2018	ALTAS NO PADRÓN MES DE MARZO DE 2018.
02/04/2018	00170/2018	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MARZO DE 2018
02/04/2018	00171/2018	DECRETO DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA 2018.
02/04/2018	00172/2018	APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A PRAZA DE ARQUITECTO/A INTERINO/A.
03/04/2018	00173/2018	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SOCORRISMO 2018.
03/04/2018	00174/2018	APROBACIÓN DE PROXECTOS CORRIXIDOS DO POS +2018.
04/04/2018	00175/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: A TORRE.
04/04/2018	00176/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: SANTA MINIA-O ENXO.
04/04/2018	00177/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES DO CEIP DE PEDROUZOS, CENTRO SOCIAL POLIVALENTE E CASA DO CONCELLO.
04/04/2018	00178/2018	APROBACIÓN DE SOLICITUDE CORRIXIDA DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO POS + 2018.
04/04/2018	00179/2018	LIMPEZA DE FINCAS EXPEDIENTE: 3320/17.
05/04/2018	00180/2018	LIMPEZA DE FINCAS EXPEDIENTE: 2451/17.
06/04/2018	00181/2018	APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A PRAZA DE ARQUITECTO/A INTERINO/A E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.
06/04/2018	00182/2018	DECRETO TAXA AUTORIZACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS EN VÍAS PÚBLICAS: IV ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - BRIÓN.
06/04/2018	00183/2018	EXPEDIENTES SANCIONADORES DE MULTAS DE TRÁFICO.
09/04/2018	00184/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA NÓMINA DO MES DE MARZO.
09/04/2018	00185/2018	ALTAS PADRÓN DO LIXO ANO 2018.



09/04/2018	00186/2018	DECRETO PADRÓN SERVIZOS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ABRIL.
10/04/2018	00187/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018-7.
10/04/2018	00188/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBOS LIXO POR CAMBIO DE TITULARIDADE.
11/04/2018	00189/2018	DECLARACIÓNS MOD. 111 E 303 - MARZO 2018.
11/04/2018	00190/2018	DECRETO PADRÓN PREZO PÚBLICO SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA MARZO.
12/04/2018	00191/2018	DECRETO PADRON PREZO PUBLICO SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA MARZO.
12/04/2018	00192/2018	DECRETO RECARGA DE TARXETA METROPOLITANA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
12/04/2018	00193/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/8 - ENERXÍA ELÉCTRICA XANEIRO 2018.
12/04/2018	00194/2018	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
12/04/2018	00195/2018	CONVOCATORIA SESIÓN DO PLENO E COMISIÓNS INORMATIVAS.

O Pleno queda enterado.

### **3º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE A PARTICIPACIÓN NO POS + 2018.**

#### **1. Dada conta da resolución da alcaldía do 21.03.2018, que transcrita di:**

Resultando que o pleno do concello con data 19.12.2017 aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018.

Resultando que entre os proxectos aprobados figuran os denominados:

- 1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño; cun orzamento total de: 102.324.38 euros, e coa seguinte distribución de financiamento: Deputación: 102.324.38 euros. Concello: 0 euros.
- 2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito; cun orzamento de: 79.050.51 euros.

Resultando que remitida a documentación á Deputación advertíronse pola mesma as seguintes deficiencias nos proxectos:

- 1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño, consistente en que se aplicou un IVE do 16% cando a porcentaxe a aplicar é do 21%.
- 2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, consistente en que no Capítulo 03 relativo a xestión de residuos por unha banda figura a cantidade de 541,08 mentres que no total figura como 541,98.

Resultando que o erro detectado no proxecto 1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño modifica o importe do proxecto e o seu financiamento, así como os cadros de subtotaís do expediente.

Resultando que o erro detectado no proxecto 2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, non incide no mesmo, nin no aspecto económico, nin no técnico.

Rectificados os proxectos pola arquitecta municipal autora dos mesmos, e visto o disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e de conformidade co acordo plenario do 19.12.2017, no que acordou facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo e o correspondente expediente, por resolución desta alcaldía do 17.01.2018 acordouse:

**1º)** Aprobar a rectificación dos erros materiais advertidos nos proxectos sinalados, aprobando os proxectos corrixidos das obras seguidamente relacionadas:

1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño; cun orzamento total de: 106.734,91 euros, e coa seguinte distribución de financiamento: Deputación: 102.324,38 euros. Concello: 4.410,53 euros.

2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, figurando no Capítulo 03 relativo a xestión de residuos a cantidade correcta de 541,98 euros, que non inflúe no orzamento total da obra de:79.050,51 euros, que permanece igual.

En consecuencia logo deste cordo o cadro resumo queda redactado nos seguintes termos:

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017			
	Achega 2018			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	263,755,92		263,755,92
C- INVESTIMEN TOS	Achega 2018			
	Achega 2017	258,779,39	7.597,23	266.376,62
	Préstamo 2018			
D- HONORARIO S REDACCIÓN	Achega 2018			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018			
	Achega 2017			
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018			
T O T A L	Achega 2018	263,755,92		263,755,92
	Achega 2017	258,779,39	7.597,23	266.376,62
	Préstamo 2018			
	TOTAL	522,535,31	7.597,23	530.132,54

Resultando que remitida esa resolución xunto cos proxectos corrixidos á Deputación para os efectos de incorporación aos expedientes, pola mesma fanse dous novos requirimentos aos proxectos destas dúas obras, agora por parte dos servizos técnicos provinciais, con rexistros de entrada no concello núm. 846 e 847, do 02.03.2018.

Realizadas polo arquitecto municipal as correccións solicitadas nos proxectos e considerando que se trata de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar, nin a súa valoración económica, de conformidade co acordo plenario do 19.12.2017, no que acordou facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo e o correspondente expediente, **resolvo:**

**1º)** Aprobar os proxectos corrixidos das obras seguidamente relacionadas, asinados polo arquitecto municipal:

1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño; cun orzamento total de: 106.734,91 euros, e coa seguinte distribución de financiamento: Deputación: 102.324.38 euros. Concello: 4.410,53 euros.

2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, cun orzamento total da obra de: 79.050,51 euros.

**2º)** Dar conta desta resolución ao pleno na próxima sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

**3º)** Remitir os proxectos corrixidos á Deputación para os efectos de incorporación aos expedientes.

## **2. Dada conta da resolución da alcaldía do 03.04.2018, que transcrita di:**

Resultando que o Pleno do concello con data 19.12.2017 aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018.

Resultando que entre os proxectos aprobados figuran os denominados:

1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño.

2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito.

Resultando que remitida a documentación á Deputación advertíronse pola mesma deficiencias nos proxectos que foron corrixidas nos mesmos e aprobados por resolucións desta alcaldía do 17.01.2018 e 21.03.2018.

Remitida a documentación á Deputación novamente se advirten defectos técnicos nos proxectos polo que se procedeu á corrección dos mesmos.



Considerando que se trata de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar, de conformidade co acordo plenario do 19.12.2017, no que se acordou facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo e o correspondente expediente, **resolvo:**

**1º)** Aprobar os proxectos corrixidos das obras seguidamente relacionadas, asinados polo arquitecto municipal con data 23.03.2018:

1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño; cun orzamento total de: 101.569,78 euros, e coa seguinte distribución de financiamento: Deputación: 101.569,78 euros. Concello: 0 euros.

2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, cun orzamento total da obra de: 79.050,51 euros.

**2º)** Dar conta desta resolución ao Pleno na próxima sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

**3º)** Remitir os proxectos corrixidos á Deputación para os efectos de incorporación aos expedientes.

### **3. Dada conta da resolución da alcaldía do 04.04.2018, que transcrita di:**

O Pleno do Concello en sesión de data 19,12,2017 adoptou o acordo de participar no POS + 2018 da Deputación Provincial da Coruña.

Remitida a documentación polo Concello, por parte da Deputación se fixeron requirimentos técnicos que afectan aos proxectos das obras:

1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño.

2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito.

Como consecuencia da corrección das deficiencias detectadas nos proxectos, o proxecto das obras de: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño, pasou de ter un orzamento inicial de 102,324,38 euros, a un orzamento definitivo logo de corrixido o proxecto de:101,569,78 euros, sendo aprobado por resolución desta alcaldía do 03,04,2018,

Igualmente o proxecto de: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, foi obxecto de corrección, se ben o orzamento total, logo de corrixido, continua a ser o mesmo de: 79,050,51 euros, sendo aprobado por resolución desta alcaldía do 03,04,2018,

Como consecuencia da redución do orzamento da obra do proxecto: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño, se modifican os cadros de financiamento que lle corresponden á Deputación e ao Concello, polo que resulta necesario modificar o acordo plenario.

Considerando que o Pleno na sesión do 19,12,2017 acordou facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo e o correspondente expediente, en execución do mencionado acordo, resolvo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”, de acordo coa seguinte solicitude:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>	0	0	0

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	263,755,92
<b>Subtotal gasto corrente</b>	263,755,92

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de conexión da rede de abastecemento a Luaña mediante a conducción xeral de abastecemento de auga desde o río Tambre,	161	97,392,58	0	97,392,58

Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño.	933	101,569,78	0	101,569,78
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: De Estrar a Vilanova.	1532	31,054,94	0	31,054,94
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldea de Estrar,	1532	28,762,09	2,432,10	31,194,19
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		<b>258.779,39</b>	<b>2,432,10</b>	<b>261,211,49</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Préstamo	Achega	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:**

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	0

**E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:**

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
<b>Subtotal achega municipal 2018</b>	0

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar	Deputación
--	------------

achega provincial 2017		
Denominación	Grupo de programa	
Subtotal achega municipal 2017		0

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

**G) Resumo:**

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017			
	Achega 2018			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	263,755,92		263,755,92
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018			
	Achega 2017	258,779,39	2,432,10	261,211,49
	Préstamo 2018			
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018			
	Achega 2017			
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018			
TOTAL	Achega 2018	263,755,92		263,755,92
	Achega 2017	258,779,39	2,432,10	261,211,49
	Préstamo 2018			

	<b>TOTAL</b>	522,535,31	2,432,10	524,967,41
--	--------------	------------	----------	------------

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Grupo de programa</b>	<b>Orzamento</b>
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldeas de Brans de Arriba e Aguiar,	1532	72,003,68
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Pista en Busto de Frades,	1532	35,876,48
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: De Cantelar a Tembra,	1532	45,419,21
Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito.	933	79,050,51
<b>TOTAIS</b>		232,349,88

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello na próxima sesión do 18,04,2018 para os efectos da súa ratificación.

Sometida a votación a súa ratificación de forma conxunta, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda ratificalas.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ELECCIÓN DOS CARGOS DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.04.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 17.04.2018, que transcrita di:

Visto o expediente relativo á elección dos cargos de xuíz de paz titular e substituto deste concello por estar próximo a vencer o período dos catro anos polo que se nomeou aos actuais xuíces de paz titular e substituto deste concello.

Considerando que se publicou o anuncio da convocatoria no BOP do 02.02.2018, no taboleiro de anuncios do concello e remitiuse edicto para a súa publicación e coñecemento ao Xulgado de Paz de Brión e ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Negreira.

Trala mencionada publicidade presentáronse os seguintes candidatos: José Caramés Vázquez; Vicente Casal Romero; Sonia María Sexto Viqueira e Manuel Vidal Cajuso.

Resultando que dos catro presentados tres son residentes no concello, polo que se considera que prestarán un servizo de maior eficacia e satisfacción para os veciños, pola súa proximidade.

Resultando que José Caramés Vázquez acredita documentalmente unha sobrada experiencia no desenvolvemento do posto de xuíz de paz substituto, polo que se considera o máis idóneo e reúne os requisitos de capacidade e compatibilidade.

Visto o disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e considerando que a elección, tanto de xuíz titular como de substituto, corresponden ao Pleno do concello, propoño a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Elixir como xuíz de paz titular a D. José Caramés Vázquez por consideralo a persoa máis idónea.

**2º)** Elixir como xuíz de paz substituto a D. Vicente Casal Romero por consideralo a persoa máis idónea.

**3º)** Propoñer os seus nomeamentos á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**4º)** Facultar á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2), e do concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.



**5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA, PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE “COMPOSTELA RUPESTRE”.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.04.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 17.04.2018, que transcrita di:

Visto o convenio de cooperación para regular o proxecto Parque “Compostela Rupestre” remitido por correo electrónico desde a Deputación Provincial da Coruña con data 14.03.2018, logo do período aberto de suxestións dos concellos, para implementar e xestionar conxuntamente o proxecto de promoción e posta en valor do arte rupestre no parque Compostela Rupestre e considerando que a realización de actuacións de promoción do arte rupestre conxunta pode ser beneficiosa para o concello ao tentar conseguir uns resultados a un nivel máis amplo co que se pode conseguir a nivel municipal de xeito individual, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar o convenio de cooperación para regular o proxecto parque Compostela Rupestre segundo o texto que se incorpora como anexo a esta proposta.

**2º)** Nomear representantes deste concello no Consello de Dirección previsto na base oitava do mesmo a José Luis García García, alcalde, e Yolanda Bouzas Alfonsín, 1ª tenente de alcalde.

**3º)** Facultar ao alcalde para asinar a convenio de cooperación.

Anexo.

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE “COMPOSTELA RUPESTRE”

Na cidade da Coruña, o ... de ... de

REUNIDOS

D. ..., presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Ames, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Boqueixón, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Brión, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Teo, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Val do Dubra, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Vedra, ou concelleiro/a delegado/a da área,

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón

probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudarlles aos concellos –especialmente aos pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así como polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

#### MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS CONSORCIADOS.

Entre ambos os extremos, a Deputación Provincial da Coruña, propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os municipios integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

#### ESQUEMA OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS.

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e

sustentable o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sustentabilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sustentabilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores de arte rupestre deste territorio,

#### ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **proxecto de promoción e posta en valor do arte rupestre no parque Compostela Rupestre**, de acordo coas seguintes BASES:

#### Primeira.- Definición.

1. Os Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto Compostela Rupestre, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, a este resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

#### Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das

corporacións locais que se designen en cada caso en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

#### **Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.**

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes a fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do arte rupestre, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

2. As actuacións concretas a levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades a desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente, rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración Xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

#### **Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.**

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

3. Asemade, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, á conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

#### **Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.**

1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento desempeñe a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

#### **Sexta.- Duración.**

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h 1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, prorrogables expresamente por un máximo de catro anos adicionais. Xa que logo, as entidades asinantes comprométese a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase a súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva. En tal caso, procederase a constituír a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo novena.

#### **Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.**

1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Plan de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- . Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.
- . Delimitación e alcance das prestacións a realizar concretadas nun Plan director do proxecto.
- . Estudo económico-financeiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións a realizar en cada un dos concellos e forma de financialas (recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de ordenanza de taxas ou prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.
- . Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.
- . Proposta sobre a forma de xestión de cada unha das accións, contratos de obras, servizos ou subministracións, mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
- . Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. Asemade, tamén será un requisito previo para a xestión compartida dalgún servizo, a aprobación da Memoria e Programa de actuación, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos (no caso de realización de prestacións individualizadas co carácter de servizo público), que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

- . Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.
- . Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.
- . Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se propuxera a xestión das actuacións a desenvolver pola Deputación, deberá adoptarse o acordo de delegación por cada un dos concellos e a posterior aceptación pola Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

#### **Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

a) Dúas persoas representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo unha delas o titular da Alcaldía ou concelleiro/a no que delegue.

b) Dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas entre os membros da Corporación.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, o persoal funcionario ou técnico especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de maior poboación dos partícipes e consecutivamente.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

#### **Novena.- Atribucións do Consello de dirección.**

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

a) Nomear á persoa titular da presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.

b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.

c) Aprobar inicialmente e propor ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.

d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.

e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, xestión de servizos públicos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.

f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.

g) Acordar a resolución do presente convenio.

h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

#### **Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.**

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.

2. Con todo, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.



**Décimo primeira.- Réxime de sesións.**

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a Presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.
2. En tal caso, recibida a solicitude, o Presidente deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.
3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

**Décimo segunda.- Atribucións da Presidencia.**

Corresponde á Presidencia exercer as seguintes atribucións:

- a) Convocar, presidir e dirixir as sesións do Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidese crearse ao abeiro do presente convenio.
- b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.
- c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

**Décimo terceira.- Disposicións xerais.**

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.
2. Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

**Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.**

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación provincial.

**Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.**

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.
2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

**Décimo sexta.- A separación dalgún membro.**

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.
2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia

de que de non atendela procederá a súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

#### **Décimo sétima.- Modificación e resolución.**

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.
2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:
  - a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
  - b) Por disposición legal o por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
  - c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.
3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

#### **Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación.**

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polas corporacións interesadas e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.
2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2), e do concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 4º trimestre de 2017, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

#### **7º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2018-2021.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do plan orzamentario a medio prazo 2018-2021, aprobado por resolución da alcaldía núm. 147/2018, do 16.03.2018, para os efectos de que o ministerio poida facer as

previsións de déficit para eses anos, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

## 8º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

### 8.1. MOCIÓN SOBRE CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO.

Dada conta da moción da alcaldía do 17.04.2018, que transcrita di:

O 9 de marzo de 2018 entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

No artigo 326 e na Disposición Adicional 2ª se regulan as Mesas de contratación como órganos de asistencia aos órganos de contratación.

Resultando que para dar de alta ao Concello na Plataforma de Contratación do Sector Público do Ministerio de Facenda e Función Pública, onde se aloxará o Perfil de contratante do Concello, resulta necesario que o Concello dispoña dun órgano de asistencia.

Considerando conveniente o establecemento dunha Mesa de contratación permanente para os contratos de obras, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para os contratos de obras no Concello de Brión con adaptación á nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que asistirá ao órgano de contratación para a adxudicación de contratos nos procedementos abertos, abertos simplificados ou procedementos negociados á que se refire a Lei 9/2017, do 8 de novembro.

**2º)** Designar como integrantes da Mesa de contratación ás persoas que a continuación se relacionan:

Presidente: O alcalde José Luis García García ou concelleiro/a no/a que delegue en caso de imposibilidade de asistencia.

Vogais:

- . Javier Nieves González, secretario do Concello.
- . Patricia Coence Antelo, interventora do Concello.
- . Juan José Lapido Casal, traballador da brigada de obras municipal.

Secretaria (con voz pero sen voto):

Titular: María Elisa Gómez Ferreiro, funcionaria auxiliar administrativa do Concello.

Suplente: Berta Rey Nieto, funcionaria auxiliar administrativa do Concello.

**3º)** Para a adxudicación de contratos doutro tipo nomearase unha Mesa específica para cada un deles polo órgano de contratación.

**4º)** Publicar a composición desta Mesa permanente no perfil do contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2), e do concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **8.2. MOCIÓN DO CONCELEIRO NON ADSCRITO PARA A APLICACIÓN DA LEI DA MEMORIA.**

O Sr. Concelleiro Pena Espiña da conta da moción, que transcrita di:

No mes de abril do ano 2009 este concelleiro, en nome do grupo ao que antes pertencía, presentaba unha proposta en relación á aplicación da chamada Lei da Memoria, a Lei 52/2007. O asunto tratado era a permanencia na Igrexa de Viceso, nun dos laterais, dunha placa de mármore cunha listaxe dos caídos do bando "nacional". Tal proposta levantou unha dura resposta entre a dereita local de tal xeito que, a placa, aínda sigue colocada no mesmo lugar.

A proposta que se presentaba daquela fundamentábase no artigo 15 da antedita Lei 52/2007, aínda vixente, onde se di: "1. As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderán incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas".

Hoxe tamén sabemos que no lateral esquerdo da Igrexa de Bastavales existe outra placa conmemorativa aos caídos "por Dios y por la Patria", comezando a listaxe por un tal José Antonio Primo de Rivera, que, polo que sabemos, pouco tiña que ver con Brión.

Nos momentos presentes cando o entorno da Igrexa e Bastavales se ven de incluír nas Rutas Rosalianas da comarca parece todo un despropósito que en tal monumento continúe a simboloxía de exaltación á guerra fratricida e ao réxime totalitario e represor derivado dela.

En consecuencia ao exposto anteriormente este concelleiro presenta ao Pleno, para a súa toma en consideración, a seguinte proposta:

1º) O Concello de Brión toma o acordo de dirixirse ás autoridades eclesiásticas para que en aplicación da vixente Lei 52/2007 procedan de inmediato a retirar as placas conmemorativas que podan existir nos monumentos relixiosos e de uso público no Concello de Brión, en concreto as placas conmemorativas aos caídos do bando franquista que se atopan no exterior das igrexas de Bastavales e Viceso.

2º) Se nun prazo razoable, as autoridades eclesiásticas non procederan a retirar os símbolos conmemorativos dos vencedores da contenda civil española contra a legalidade republicana, o Concello procederá, exercendo as competencias que a lei lle outorga, á denuncia por incumprimento da lexislación vixente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non estaría de máis algún tipo de monumento a todos os falecidos, dos dous bandos, que debería ser un monumento á paz, e non á guerra.

O Sr. Alcalde sinala que ten unha emenda á moción presentada, que transcrita di:

En relación coa moción presentada polo concelleiro non adscrito, compre realizar as seguintes consideracións:

1) Que con data 15 de abril de 2009 o grupo municipal do BNG presentou unha proposta do seguinte teor:

"1.- O Concello de Brión toma o acordo de dirixirse ás autoridades eclesiásticas para que en aplicación da vixente Lei 57/2007 procedan de inmediato a retirar as placas conmemorativas que poidan existir nos monumentos relixiosos e de uso público no Concello de Brión, en concreto as placas conmemorativas aos caídos do bando franquista que se atopan no exterior das igrexas de Bastavales e Viceso.

2.- Se nun prazo razoable, as autoridades eclesiásticas no procederan a retirar os símbolos conmemorativos dos vencedores da contenda civil española contra a igualdade republicana, o Concello procederá, exercendo as competencias que a Lei lle outorga, á denuncia por incumprimento da lexislación vixente."

2) Que con data 28 de maio de 2009, o Vicario Xeral do Arcebispado de Santiago de Compostela respondeu a este Concello indicándonos que toda vez que os bens están inventariados se precisa unha autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, así como cumpriría que os afectados tivesen a oportunidade de se pronunciar sobre a retirada das mencionadas placas conmemorativas.

3) Que destes feitos se deu conta ao Pleno no seu día.

4) Que con posterioridade a estes feitos, e con carácter xeral e ante circunstancias de idéntica natureza ás relatadas, o Parlamento de Galicia aprobou en outubro de 2017 por unanimidade (voto a favor de tódolos grupos parlamentares PP, PSG, En Marea e BNG) unha Moción presentada polo BNG na que se insta á Xunta de Galicia, en uso das atribucións que lle corresponden, a negociar coa Igrexa Católica a retirada de inscricións franquistas de similar natureza ás relatadas nos apartados anteriores, instando a que se abran os correspondentes expedientes para ordenar a retiradas das citadas inscricións. Asemade na moción instase á Xunta a que reúna a Comisión Mixta Xunta - Igrexa Católica para tratar deste asunto.

5) Que tendo en conta o anterior, e tendo en conta que, de conformidade co artigo 15 da Lei 53/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, a administración competente para adoptar medidas executivas para facer efectivo o contido da moción de 2009 é a Xunta de Galicia, dende o grupo do PSdeG propónse dar traslado á Xunta de Galicia da existencia das placas conmemorativas aos caídos das igrexas de Bastavales e Viceso, así como dos acordos do Pleno, para que, no marco da moción presentada no Parlamento de Galicia en outubro de 2017, se proceda a negociar e instar a súa retirada.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña propoñente da moción acepta a emenda transaccional presentada polo grupo de PSG-PSOE.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda aceptada, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP(2) e concelleiro non adscrito (1), acorda:

**1º)** Dar traslado á Xunta de Galicia da existencia das placas conmemorativas aos caídos das igrexas de Bastavales e Viceso, así como dos acordos do Pleno, para que, no marco da moción presentada no Parlamento de Galicia en outubro de 2017, se proceda a negociar e instar a súa retirada.

**2º)** Remitir igualmente este acordo ao Arcebispado de Santiago de Compostela.

**9º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se presentaron.



O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González